XUNTA DE GALICIA

# PLAN DE VIXILANCIA DA ENFERMIDADE VÍRICA HEMORRÁXICA NO COELLO DE MONTE- 2014

Dentro das medidas tomadas para controlar e impedir a diseminación da nova variante da Enfermidade Vírica Hemorráxica (EVH) do coello, coñecer o estado sanitario dos coellos de monte ten unha enorme importancia epidemiolóxica.

A data de hoxe, no que respecta ao coello doméstico criado en explotacións gandeiras existen dous sistemas de vixilancia:

-a vixilancia pasiva realizada por calquera persoa en virtude das obrigas derivadas dos artigos 5 e 7 da Lei 8/2003 de sanidade animal polas cales calquera persoa física ou xurídica ten a obriga de notificar á autoridade competente das sospeitas de existencia desta enfermidade. Neste aspecto, teñen especial importancia as comunicacións recibidas por parte das Agrupacións de Defensa Sanitarias Gandeiras, con obriga expresa desta notificación derivada da súa normativa específica.

-a vixilancia activa e pasiva realizada dentro *do "Plan de Vixilancia de la Enfermedad Hemorrágica del Conejo en España 2013",* desenvolvido en todo o territorio nacional con data de finalización a 31/12/2013

Con respecto ao coello de monte e despois da preocupación amosada polo sector cunícola galego e polas noticias achegadas á Dirección Xeral de Produción Agropecuaria por parte dalgún colectivo de cazadores, establécese, en colaboración coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza, un plan de vixilancia da EVH no coello de monte en todo o territorio galego, que estará incluído no Plan de Vixilancia Sanitaria da Fauna Silvestre que anualmente desenvolven os Servizos Veterinarios Oficiais da CMRM.

## FUNCIÓNS A DESENVOLVER

1. Dende a ***Subdirección de Recursos Cinexéticos e Piscícolas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI)*** realizaranse as seguintes actuacións:

– Información da posta en funcionamento deste plan ás unidades dependentes da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (persoal dos centros de recuperación de fauna e axentes facultativos medioambientais e vixilantes

de recursos naturais) así como outras entidades relacionadas co mundo da caza (Federación de Caza, Asociacións,Tecores, etc).

- Posta a disposición da rede de recollida propia da D.X.C.Natureza (puntos de recollida que se relacionan nos anexos II e III)
- Dotación do material necesario para a recollida de mostras

2. Dende a ***Subdirección Xeral de Gandería (SXG) da Consellería do Medio Rural e do Mar (CMRM)*** realizaranse as seguintes actuacións:

- Información aos SVO dos Servizos Provinciais de Gandería, Áreas e Comarcas Veterinarias da posta en funcionamento deste plan, así como aos Tecores colaboradores no Plan de Vixilancia Sanitaria da Fauna Silvestre en Galicia.
- Posta en disposición da rede de puntos de recollida de mostras da SXG.
- Posta en disposición da rede de conxeladores existente en determinadas OAV.
- Dotación aos SVO do material necesario para a toma de mostras.
- Procesado dos cadáveres, toma de mostras e análise das mostras no Laboratorio de Sanidade e Produción Animal de Galicia (LASAPAGA) en Lugo.

## PERSOAL PARTICIPANTE NA DETECCIÓN E RECOLLIDA DE MOSTRAS

O persoal implicado principalmente será:

a) Tecores colaboradores do Plan de Vixilancia Sanitaria da Fauna Silvestre (PVSFS). Este plan de vixilancia contempla unha mostraxe dirixida e unha mostraxe aleatoria. Actualmente hai seis zonas de mostraxe dirixida en Galicia: comarca do Barbanza en A Coruña, comarcas da Mariña Central e Oriental en Lugo, comarcas de Terra de Trives e Baixa Limia en Ourense, e comarcas de Baixo Miño e Deza-Tabeirós en Pontevedra. Por outra banda, hai unha rede de aproximadamente 30 Tecores colaboradores, distribuídos por toda a xeografía de Galicia, que actúan como destino da mostraxe aleatoria.

b) Resto de Tecores da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Persoal da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) que realice tarefas de campo, tanto para as tarefas de detección ou recollida de mostras como de información aos cazadores.

d) Persoal da Consellería de Medio Rural e do Mar (CMRM). Inclúense aquí os SVO adscritos ás OAV, Áreas Veterinarias e Servizos Provinciais da citada consellería.

d) En menor medida calquera persoa que informe da existencia de animais sospeitosos da enfermidade obxecto de estudo, e calquera cidadán coñecedor do plan e que desexe colaborar.

## PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN

As persoas que localicen o cadáver dun coello de monte con sospeita de estar afectado por EHV, serán aconsellados (por persoal da CMRM ou da CMATI) para que procedan á remisión urxente do mesmo ao LASAPAGA, utilizando as diferentes vías existentes:

1.- **Os Tecores colaboradores do PVSFS, así como aqueles limítrofes que o consideren axeitado,** poderán utilizar a rede de puntos de recollida nas seis zonas concretas onde se desenvolve a mostraxe dirixida do PVSFS, nas que está establecido un sistema periódico de recollida de mostras que se activa previa recollida e comunicación dos Tecores colaboradores. En caso da existencia de mostras de fauna silvestre (xeralmente tras unha xornada de caza os domingos), os cazadores depositanas nuns contedores facilitados para tal fin, ata que persoal coordinado pola SXG procede á súa recollida (os luns a primeira hora) e as traslada directamente ao LASAPAGA.

Os puntos de recollida son acordados polas cuadrillas de caza de cada Tecor colaborador e son coñecidos polo persoal encargado da recollida e traslado das mostras ao laboratorio, polo que non procede xuntalos como anexo neste procedemento.

O PVSFS desenvolverase ata o remate da tempada de caza 2013-2014. Esta vía de remisión de mostras concluirá xunto coa finalización do dita tempada.

2.- **Os cadáveres poderán ser entregados na Rede de Oficinas Agrarias Veterinarias (OAV) recollidas na listaxe do Anexo IV**, preferentemente naquelas que contan con medios para a conxelación das mostras (listaxe de rede de OAV con dotación de conxeladores no Anexo I). As bolsas coas mostras debidamente identificadas, xunto coa folla de remisión, serán entregadas nestas OAV en horario de 9:00 a 14:00 de luns a venres. O envío ao LASAPAGA farase coa frecuencia e os medios habituais utilizados pola CMRM para o traslado doutro tipo de mostras. Se o envío ao LASAPAGA non pode ser realizado no prazo de 24 horas, as mostras serán conxeladas á maior brevidade no conxelador máis próximo.

3.- **Os cadáveres poderán ser entregados nos Centros de Recuperación de Fauna Silvestre (CRFS)** de Oleiros en A Coruña, O Veral en Lugo, O Rodicio en

Ourense e Cotorredondo en Pontevedra, que dispoñen de persoal e medios para gardar as mostras ata a súa recollida e remisión ao LASAPAGA (Anexo II).

4.-**Os cadáveres poderán ser entregados ao persoal do Servizo de Gardería da CMATI**, constituído polos Axentes facultativos medioambientais e os Vixilantes de Recursos Naturais, segundo os puntos de contacto que se relacionan no Anexo III e aos que se pode dar conta da detección de animais afectados, así como para a recollida de mostras.

5.- **Os cadáveres tamén poden ser entregados no propio LASAPAGA.** No caso de mostras procedentes de puntos próximos a Lugo, poderán achegarse directamente ao laboratorio en horario de 9:00 a 14:00 de luns a venres.

Agás a primeira vía, en principio só utilizada polos Tecores colaboradores do PVSFS, o resto de vías están abertas a todo o persoal colaborador durante o tempo que permaneza activa a vixilancia da EVH no coello de monte que, dependendo do lugar de detección do coello, poderán utilizar indistintamente calquera destas respectando as condicións de recollida de cada unha delas.

No caso de que o animal non poda ser trasladado polo cazador ou persoa que o recolleu, a ningún dos puntos de recollida anteriormente citados, poderá contactar telefonicamente co Servizo de Gardería da CMATI ou cos Servizos Veterinarios Oficiais da CMRM (listaxe do Anexo IV) de xeito que será este persoal quen traslade a mostra ao punto da rede de conxeladores máis próxima.

**Tipo de mostra:** recolleranse só animais mortos recentemente e procedentes do medio natural (os animais non deben presentar signos de autólise e deben ter un bo estado de conservación das súas características morfolóxicas).

Tamén poderán ser entregados para a súa análise os animais abatidos en cacerías ou aqueles que non sexan aproveitados con finalidade cinexética (por exemplo animais capturados nun control de depredadores que presenten síntomas de enfermidade).

Así mesmo poden ser analizados exemplares enfermos procedentes das instalacións de cría de coellos en semiliberdade ou de aclimatación como biótopos ou similares.

A unidade de mostra en todos os casos é o cadáver enteiro do animal.

**Material necesario e método:** para a toma de mostras, agás o material utilizado polos Tecores colaboradores no Plan de Vixilancia de Fauna Silvestre (PVSFS), o resto será facilitado pola Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas aos participantes do plan e consiste en:

-**Bolsa de plástico** (tipo bolsa de lixo) para a recollida de cadáveres.
-**Luvas.**
-**Folla de remisión de mostras** (segundo modelo Anexo V).
-**Bolsa plástica de autopeche** na que se introducirá a folla de remisión de mostras.

Localizado o cadáver dun coello de monte **en boas condicións de conservación**, o persoal actuante colocarase as luvas, introducirá o cadáver nunha bolsa plástica (tipo bosa lixo) e pechará a mesma. **Utilizarase unha bolsa por cada exemplar recollido**. Ao mesmo tempo, cubriranse os datos da folla de remisión de mostras e introducirase a mesma nunha bolsa de autopeche transparente, para garantir que o papel non se deteriore con fluídos ou outras substancias. **A bolsa plástica co cadáver e a bolsa de autopeche coa ficha introduciranse conxuntamente noutra bolsa de plástico que se pechará.**

Para minimizar o deterioro da mostra, a bolsa que conten o cadáver e a folla de remisión deberá ser **entregada o antes posible en calquera dos puntos intervenientes indicados neste documento,** manténdose ata ese momento nas mellores condicións de conservación. **Se se vai a proceder ao traslado en menos de 24 horas, o cadáver conservarase en refrixeración en neveira conectada á rede (2-4ºC). Se o traslado se demora máis de 24 horas, procederase á inmediata conxelación do cadáver**. O traslado do cadáver ao LASAPAGA realizarase en neveira portátil conectada á rede eléctrica do vehículo ou en neveira con acumuladores (no seu defecto).

**Nota**: a EHV non é transmisible ao ser humano polo que non hai risco de contaxio. O uso de luvas é unha práctica común de bioseguridade persoal no manexo de tecidos de orixe animal, á vez que evita que os humanos podamos actuar como vectores e diseminadores da enfermidade.

Santiago, 20 de febreiro de 2014

**Anexos**

- **Anexo I.** Rede de Oficinas Agrarias Veterinarias con dotación de conxeladores.
- **Anexo II**. Centros de Recuperación de Fauna Silvestre de Galicia.
- **Anexo III**. Puntos de contacto administrativo gardería da CMATI (tfnos. De traballo)..
- **Anexo IV**. Relación xeral de Oficinas Agrarias Veterinarias de Galicia.
- **Anexo V**. Ficha de recollida de mostras

## ANEXO I- REDE DE OFICINAS AGRARIAS VETERINARIAS CON DOTACIÓN DE CONXELADORES

| PROVINCIA | ÁREA | ENDEREZO ENTREGA | PERSOA CONTACTO |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | Arzúa | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Oficina Agraria Comarcal de Arzúa<br>Rúa Padre Pardo 13<br>15009 Arzúa | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Tlf: 981 500 043 |
| | Noia | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Oficina Agraria Comarcal de Padrón<br>Rúa Dolores s/n<br>15900 Padrón | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Tlf: 981 810 652 |
| | Carballo | Laboratorio de Sanidade Animal de Mabegondo<br>Estrada Betanzos-Santiago Km.7 Mabegondo<br>15318 Abegondo | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Tlf: 881 881 385 |
| | Betanzos-Ferrol | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Oficina Agraria Comarcal de Ortigueira<br>R/ Reverendo Márquez Cortiñas, s/n - 15330 Ortigueira | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Tlf: 981 400401 |
| LUGO | Lugo | Laboratorio de Sanidade e Produción Animal<br>Avda. de Madrid 77<br>27002 Lugo | Raúl Ramiro López Andeón<br>Tlf: 982 889 614 |
| | Becerreá | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Oficina Veterinaria Comarcal de Becerreá<br>Bolaño Mendo s/n<br>27640 Becerreá | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Tlf: 982 889 234 |
| | Vilalba | Mercado de Castro Riberas de Lea<br>Oficina Veterinaria Comarcal<br>Avda. Odón Fernández Lavandera s/n<br>27250 Castro de Rei | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Tlf.: 982 311 013 |
| | Monforte | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Oficina Agraria Comarcal de Monforte<br>Estrada de Castro Caldelas s/n<br>27400 Monforte | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Tlf.: 982 889 118 |
| | Mondoñedo | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Oficina Agraria Comarcal de Mondoñedo<br>Rúa Pardo de Cela 22<br>27740 Mondoñedo | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Tlf.: 982 521 881 |
| OURENSE | Ourense | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Oficina Agraria Comarcal do Carballiño<br>Avda. Pontevedra Km.27 (Centro Desenvolvemento Comarcal)<br>32500 O Carballiño | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Tlf: 988 270 538 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Trives | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Oficina Agraria Comarcal do Barco de Valdeorras<br>Casa Grande de Viloira<br>32300 O Barco de Valdeorras | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Tlf.: 988 320 984 |
| | Verín | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Oficina Agraria Comarcal de Verín<br>Praza García Barbón 8<br>32600 Verín | Servizos Veterinarios Oficiais<br>988 590 200 |
| PONTEVEDRDA | Pontevedra | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Oficina Agraria Comarcal de Pontevedra<br>Centro de Apoio Cabanas s/n<br>36143 Salcedo | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Tlf.: 986 860 890 |
| | Baixo Miño | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Oficina Agraria Comarcal do Porriño<br>Rúa Riveira s/n. Edificio Multiusos de Torneiros<br>36400 O Porriño | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Tlf: 986 330 173 |
| | Silleda | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Oficina Agraria Comarcal de Silleda<br>Centro Agrario<br>36540 Silleda | Servizos Veterinarios Oficiais<br>Tlf.: 986 581 351 |

## ANEXO II – CENTROS DE RECUPERACIÓN DE FAUNA SILVESTRE DE GALICIA

| PROVINCIA | CENTRO | ENDEREZO | TFNO. CONTACTO | HORARIO |
|---|---|---|---|---|
| **A CORUÑA** | Centro de Recuperación de Fauna Silvestre de Santa Cruz | Rúa Emilia Pardo Bazán s/n 15179 Santa Cruz de Liáns – Oleiros | 981 626241<br><br>686 597 745 | ✓ **Horario de Inverno (outubro a marzo)**<br>▪ luns a venres: de 08:00h a 20:00<br>▪ sábado,domingos,festivos: de 09:00 h a 14:00 h<br>✓ **Horario de verán (abril a setembro)**<br>▪ luns a venres: de 08:00 a 20:00<br>▪ sábados,domingos,festivos: de 9:00 a 13:00 e de 16:00 a 19:00 h<br>*Fora do horario de atención ao público aténdese telefonicamente.* |
| **LUGO** | Centro de Recuperación de Fauna Silvestre de O Veral | Complexo Ambiental O Veral<br>Estrada de Friol s/n. Lugo | 982 207705 | **Xornada normal:**<br>▪ luns a venres: 08:00h a 18:00 h.<br>▪ sábados, domingos e festivos: 07:45 h. a 15:15 h.<br>**Xornada reducida (verán, nadal)**<br>▪ luns a venres: 08:30h. a 14:30h.<br>16:00h a 18:00h<br>▪ sábados, domingos e festivos:<br>08:30 h. a 14:30 h. |
| **OURENSE** | Centro de Recuperación de O Rodicio | Alto do Rodicio.<br>Maceda | 988 302051<br>628 358652 | ▪ luns a venres: de 08:00h a 20:00 h.<br>▪ sábados e domingos: de 08:00 h a 14:00 h |
| **PONTEVEDRA** | Centro de Recuperación de Fauna Silvestre de Cotorredondo | Lago de Castiñeiras s/n Vilaboa<br>Pontevedra | 986 680390 | ▪ luns a venres: 08:00h a 20:00 h.<br>▪ sábados e domingos: de 08:00 h a 14:00 h |

## ANEXO III. PUNTOS DE CONTACTO ADMINISTRATIVO GARDERÍA DA CMATI (Tfnos. de traballo)

| *DISTRITO* | *CARGO* | *IBERCOM* | *MÓBIL* |
|---|---|---|---|
| ***A CORUÑA*** | | | |
| **I FERROL** | **AXENTE TERRITORIAL** | 347289 | 690752425 |
| | AXENTE ZONAL (EUME-PARQUE NATURAL FRAGAS EUME) | 342400 | 669170752 |
| | AXENTE ZONAL (ORGEGAL-FERROL) | 342389 | 669171314 |
| **II BERGANTIÑOS-MARIÑAS CORUÑESAS** | **AXENTE TERRITORIAL** | 342390 | 669170498 |
| | AXENTE ZONAL (MARIÑAS CORUÑESAS/ZONA BERGANTIÑOS) | 342401 | 669189600 |
| | AXENTE ZONAL (BETANZOS -A CORUÑA) | 347290 | 690752431 |
| **III SANTIAGO-MESETA INTERIOR** | **AXENTE TERRITORIAL** | 342392 | 669189698 |
| | AXENTE ZONAL (ORDES-SANTIAGO) | 342387 | 669170432 |
| | AXENTE ZONAL (ARZÚA-TERRA DE MELIDE) | 343486 | 660682262 |
| **IV NOIA** | **AXENTE TERRITORIAL** | 342403 | 669187624 |
| | AXENTE ZONAL (BARBANZA-PARQUE NATURAL CORRUBEDO) | 342402 | 669189692 |
| | AXENTE ZONAL (BARCALA-NOIA) | 342395 | 669170688 |
| **V FISTERRA** | **AXENTE TERRITORIAL** | 343485 | 660682265 |
| | AXENTE ZONAL | 342388 | 669171734 |
| ***LUGO*** | | | |
| **VI A MARIÑA** | **AXENTE TERRITORIAL** | 342726 | 616236437 |
| | AXENTE ZONAL (A PONTENOVA) | 343497 | 660682484 |
| | AXENTE ZONAL (MARIÑA OCCIDENTAL) | 343492 | 660682369 |
| **VII A FONSAGRADA** | **AXENTE TERRITORIAL** | 342723 | 616238209 |
| | AXENTE ZONAL (A FONSAGRADA) | 343496 | 660682492 |
| | AXENTE ZONAL (BECERREÁ) | 341110 | 699075330 |
| **VIII TERRA DE LEMOS** | **AXENTE TERRITORIAL** | 342722 | 616238469 |
| | AXENTE ZONAL (MONFORTE) | 343491 | 660682386 |
| | AXENTE ZONAL (QUIROGA) | 343495 | 660682503 |
| **IX LUGO-SARRIA** | **AXENTE TERRITORIAL** | 342724 | 616237689 |
| | AXENTE ZONAL (SARRIA) | 343493 | 660682377 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | AXENTE ZONAL (LUGO) | 343490 | 660682387 |
| **X - TERRA CHÁ** | **AXENTE TERRITORIAL** | 343489 | 660682399 |
| | AXENTE ZONAL (VILALBA) | 346058 | 649668918 |
| | AXENTE ZONAL (MEIRA) | 343488 | 660682394 |
| | ***CENTRO DO VERAL:*** | | |
| | CAPATAZ DE ESTABLECEMENTO | 346059 | 678816805 |
| ***OURENSE*** | | | |
| **XI RIBEIRO-ARENTEIRO (TFNO OFICINA: 988274436)** | **AXENTE TERRITORIAL** | 342465 | 618762939 |
| | AXENTE ZONAL | 343503 | 660682466 |
| **XII MIÑO-ARNOIA (TFNO OFICINA: 988386497)** | **AXENTE TERRITORIAL** | 342466 | 618762940 |
| | **AXENTE ZONAL (OURENSE-CELANOVA)** | 343502 | 660682470 |
| | **AXENTE ZONAL (ALLARIZ-MACEDA)** | 343501 | 660682480 |
| | Centro de Recuperación da Fauna | 342653 | 628358652 |
| **XIII VALDEORRAS-TRIVES (TFNO. OFICINA: 988326243)** | **AXENTE TERRITORIAL** | 342468 | 618762942 |
| | AXENTE ZONAL (TERRA DE CALDELAS-TERRA DE TRIVES) | 347871 | 690089537 |
| | AXENTE ZONAL (TERRAS DE VALDEORRAS) | 343500 | 660682500 |
| | ***Parque natural Serra da Enciña da Lastra*** | | 988324319 |
| **XIV VERÍN-VIANA (TFNO OFICINA: 988411451)** | **AXENTE TERRITORIAL** | 342470 | 618762944 |
| | AXENTE ZONAL (VERÍN) | 343499 | 660682277 |
| | AXENTE ZONAL (VIANA:PARQUE) | 342469 | 618762944 |
| **XV A LIMIA (TFNO OFICINA: 988462488)** | **AXENTE TERRITORIAL** | 342472 | 618762983 |
| | AXENTE ZONAL (A LIMIA) | 346090 | 690826717 |
| | AXENTE ZONAL (BAIXA LIMIA:PARQUE) | 346092 | 690826728 |
| | ***Parque natural BaixaLimia-Serra do Xurés*** | 343504 | 660682502 |
| ***PONTEVEDRA*** | | | |
| **XVI DEZA-TABEIROS** | **AXENTE TERRITORIAL** | 342730 | 616227707 |
| | AXENTE ZONAL (DEZA) | 343507 | 660682441 |
| | AXENTE ZONAL (TABEIRÓS-TERRA DE MONTES) | 342731 | 616229136 |
| | ***Centro Cinexético de Mouriscade*** | | 986780285 |
| **XVII CONDADO-A** | **AXENTE TERRITORIAL** | 343508 | 660682440 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **PARADANTA (TFNO. OFICINA: 986644120)** | AXENTE ZONAL (CONDADO PARADANTA) | 342727 | 616235727 |
| **XVIII VIGO-BAIXO MIÑO** | **AXENTE TERRITORIAL** | 343509 | 660682439 |
| | AXENTE ZONAL (BAIXO MIÑO) | 343511 | 660682365 |
| | AXENTE ZONAL (VIGO) | 343510 | 660682366 |
| | ***Parque Natural Monte Aloia- L.I.C. Gándaras de Budiño*** | 340063 | 636645093 |
| **XIX CALDAS-O SALNÉS** | **AXENTE TERRITORIAL** | 343512 | 660682464 |
| | AXENTE ZONAL (CALDAS-O SALNÉS) | 343513 | 660682451 |
| | AXENTE ZONAL (PONTEVEDRA MORRAZO) | 343514 | 660682450 |
| | ***Complexo Ambiental Cotorredondo*** | 340117 | 606656017 |

## ANEXO IV

## RELACIÓN DE OFICINAS AGRARIAS COMARCAIS/ SERVIZOS VETERINARIOS OFICIAIS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

| PROVINCIA | ÁREA | COMARCA | ENDEREZO | TELÉFONO |
|---|---|---|---|---|
| A CORUÑA | ARZÚA | ARZÚA | R/ Padre Pardo, nº 25, 1º_15810 Arzúa | 981 50 00 43 |
| | | TERRA DE MELIDE | Praza do Convento, nº 5_15800 Melide | 981 50 54 10<br>981 50 56 56 |
| | | ORDES | Rúa Nova, nº 41 baixo_15680 Ordes | 981 68 10 03<br>981 69 78 42 |
| | BETANZOS - FERROL | BETANZOS | Avda. Fraga Iribarne, nº 60 baixo_15300 Betanzos | 981 77 41 37 |
| | | TEIXEIRO | R/ Sánchez Anido, nº 1_15310 Teixeiro - Curtis | 981 78 97 89 |
| | | FERROL | Praza Camilo José Cela, S/N_15403 Ferrol | 981 33 70 42 |
| | | AS PONTES | R/ Pontedeume, 12 baixo_15320 As Pontes de García Rodríguez | 981 45 23 70 |
| | | PONTEDEUME | R/ San Miguel, S/N_15600 Pontedeume | 981 43 23 69 |
| | | ORTEGAL | Rúa Reverendo Márquez Cortiñas, s/n_15330 Ortigueira | 981 40 04 01 |
| | CARBALLO | BERGANTIÑOS | Complexo Parroquial, Portal 3_15100 Carballo | 981 70 05 94 |
| | | TERRA DE SONEIRA | Campo do Rallo, S/N_15150 Baio-Zas | 981 71 93 16 |
| | | FISTERRA | Avda. da Viña, S/N_15130 Corcubión | 981 74 75 97 |
| | | A CORUÑA | Samosteiro, nº 5 Baixo_15660 Cambre | 981 65 61 70 |
| | NOIA | SANTIAGO | Fonte dos Concheiros, nº 9 baixo_15703 Santiago de Compostela | 981 54 66 69 |
| | | NOIA | R/ Rosalía Casto, nº 6 Baixo_15200 Noia | 981 82 51 66 |
| | | O SAR – BARBANZA | R/ Dolores, S/N_15900 Padrón | 981 81 06 52 |
| | | XALLAS – MUROS | R/ Armán Lois, 13_15841 Santa Comba | 881 99 74 86 |
| | | A BARCALA | Avda. Castelao, S/N_15830 Negreira | 981 88 17 29 |
| LUGO | BECERREÁ | OS ANCARES | Rúa Bolaño Mendo, s/n_27640 Becerreá | 982 88 92 34 |
| | | A FONSAGRADA | Avda. de Galicia, nº 36, 1º_27100 A Fonsagrada | 982 34 01 73 |
| | LUGO | DE LUGO | Doctor Fleming, nº 2_27002 Lugo | 982 29 49 33<br>982 29 49 35 |
| | | | Rúa da Fonte, 3_27120 Castroverde | 982 88 92 12 |
| | | | Avda. da Coruña, nº 21 baixo_27220 Friol | 982 37 50 71 |
| | | DE A ULLOA | R/ Miguel Olivas Soto, nº 4_27560 Monterroso | 982 37 80 96 |
| | | DE SARRIA | Vázquez Queipo, nº 25_27600 Sarria | 982 53 38 88 |
| | MONDOÑEDO | DE A MARIÑA CENTRAL | Rúa Pardo de Cela, 22_27740 Mondoñedo | 982 52 18 81<br>982 50 73 13 |
| | | | Paseo de Colón. Edificio Damián_27780 Foz | 982 88 92 25 |
| | | DE A MARIÑA ORIENTAL | Escola de Capacitación Agraria Pedro Murias.<br>Vilaframil, s/n_27797 Ribadeo | 982 12 82 89 |

| PROVINCIA | ÁREA | COMARCA | ENDEREZO | TELÉFONO |
|---|---|---|---|---|
| | | DE A MARIÑA OCCIDENTAL | Centro Comarcal da Mariña<br>Avda.. Ramón Canosa, s/n_27850 Viveiro | 982 56 03 05 |
| | MONFORTE | DE TERRA DE LEMOS - QUIROGA | Estrada de Castro Caldelas, s/n_27400 Monforte de Lemos | 982 88 91 16<br>982 88 91 18 |
| | | DE CHANTADA | Alférez Baanante, nº 38_27500 Chantada | 982 44 15 23 |
| | VILALBA | DE TERRA CHÁ - VILALBA | R/ Poetisa Carmiña Prieto Rouco, S/N_27800 Vilalba | 982 51 22 24 |
| | | DE TERRA CHÁ - GUITIRIZ | Rúa Terra Chá, 9_27300 Guitiriz | 982 88 92 19 |
| | | DE TERRA CHÁ - CASTRO | Rúa do Mercado Gandeiro_27260 Castro Riberas de Lea-Castro de Rei | 982 31 10 13 |
| | | DE MEIRA | Avda. Xeneralísimo, nº 47-49 Entrechán_27240 Meira | 982 33 06 39 |
| OURENSE | OURENSE | OURENSE | Florentino López Cuevillas, nº 4-6 Baixo_32003 Ourense | 988 38 65 18 |
| | | O RIBEIRO | Avda. de Redondela, nº 3, 1º_32400 Ribadavia | 988 47 09 63 |
| | | O CARBALLIÑO | Avda. Pontevedra, km 27_32500 O Carballiño | 988 27 05 38 |
| | | TERRA DE CELANOVA | Avda. San Rosendo, nº 1, 1º B_32800 Celanova | 988 45 17 93 |
| | | BAIXA LIMIA | Prolongación Irmáns Martínez, nº 6-8_32840 Bande | 988 44 36 01 |
| | TRIVES | VALDEORRAS | Casa Grande de Viloira_32300 Viloira - O Barco de Valdeorras | 988 32 01 84 |
| | | TERRA DE CALDELAS | Avda. Ourense, 36 baixo_32760 Castro Caldelas | 988 20 31 38 |
| | | MACEDA | R/ Fonte dos Caños, nº 6_32700 Maceda | 988 46 30 11 |
| | | TERRA DE TRIVES | Rúa San Roque, nº 4 baixo_32780 A Pobra de Trives | 988 33 01 76 |
| | VERÍN | ALLARIZ | R/ Oliveira, 6 baixo_32660 Allariz | 988 44 08 27 |
| | | VERÍN | Praza García Barbón, nº 8_32600 Verín | 988 59 02 00 |
| | | A LIMIA | R/ Ladeira, 25-1º_32630 Xinzo da Limia | 988 46 14 17 |
| | | DE A GUDIÑA | Casa do Concello<br>Avda. Beato Sebastián Aparicio, nº 76_32540 A Gudiña | 988 42 10 17 |
| | | DE VIANA | R/ María Pita, nº 71_32550 Viana do Bolo | 988 34 02 20 |
| PONTEVEDRA | PONTEVEDRA | CALDAS | R/ Carlos García Bayón, s/n_36530 Caldas de Reis | 886 20 61 95 |
| | | O SALNÉS | Praza Ravella, nº 13, 3º_36600 Vilagarcía de Arousa | 986 50 90 54 |
| | | PONTEVEDRA | Centro de Apoio Sanitario Cabanas, s/n_36143 Pontevedra | 986 86 08 90 |
| | LALÍN | TABEIRÓS - TERRA DE MONTES | Centro Desenvolvemento Rural<br>Estrada PO-841 – Toedo_36682 A Estrada | 986 57 52 23 |
| | | DEZA | R/ Arenal, nº 27, 1º_36500 Lalín | 986 78 46 39 |
| | | | Semana Verde de Galicia OAC_36540 Silleda | 986 58 13 51 |
| | | | R/ Neira Vilas, 39, 1º_36590 Vila de Cruces | 986 58 20 87 |

| PROVINCIA | ÁREA | COMARCA | ENDEREZO | TELÉFONO |
| --- | --- | --- | --- | --- |
| | PORRIÑO | A PARADANTA | R/ Progreso, nº 51, 2º_36880 A Cañiza | 986 65 11 20 |
| | | O CONDADO | Santa Ana, nº 23 Baixo_36860 Ponteareas | 986 64 21 43 |
| | | VIGO - BAIXO MIÑO | Ribeira, S/N – Ed. Mult. de Torneiros_36400 O Porriño | 986 33 01 73 |

**ANEXO V-FICHA DE RECOLLIDA DE MOSTRAS**

XUNTA DE GALICIA

# PLAN DE VIXILANCIA SANITARIA DA FAUNA SILVESTRE

**FICHA DE RECOLLIDA DE COELLO DE MONTE**

**DATA RECOLLIDA**..........................................................................................................................

**LUGAR RECOLLIDA**………………….....................................................................................

**PARROQUIA**………………………..............**CONCELLO**………………………………..............

**PERSOA que localizou ao animal. Nome e apelidos**..............................................................

**Teléfono móbil de contacto**.........................................................................................................

**TECOR/Entidade** (se é o caso)…………………......................................................................

**INSTRUCIÓNS PARA O CORRECTO MANEXO DOS ANIMAIS**

Pregamos que actúe do seguinte xeito:

1.- Póñase luvas para recoller/manipular o animal

2.- Introduza o animal enteiro na bolsa de plástico (unha para cada animal)

3.- Cubra coa maior exactitude posible esta ficha de toma de mostras

4.- Meta a ficha nunha bolsa transparente de autopeche

5.- Meta a bolsa de autopeche coa ficha e a bolsa co cadáver do animal no interior doutra bolsa de plástico e péchea.

6.- Entregue a bolsa no punto de recollida establecido o antes posible.

**MOITAS GRAZAS**

**ESPAZO A CUBRIR POLO PERSOAL DO LABORATORIO (LASAPAGA):**

**- Asignación de CLAVE IDENTIFICACIÓN DA MOSTRA:** (**Dous primeiros díxitos da provincia** (CO, LU, OU, PO) /**Coello/data** (de recollida do animal) /**número correlativo** (referido a animais recollidos nesa mesma data)..........................................................................

Exemplo: LU/ Coello/15-12-2013/1

**- SEXO:** ☐ FEMIA ☐ MACHO **- Idade** aproximada: ☐ Adulto ☐ Subadulto

NOTA: Os coellos menores de 9 meses presentan, na articulación do pulso (articulación da unión entre cúbito e carpo), unha clara protuberancia lateral (cartílago de crecemento) que desaparece nos maiores desa idade.

| **RELACIÓN DE PROBAS SOLICITADAS/ MOSTRAS** | |
|---|---|
| **PROBAS** | **TIPO DE MOSTRAS** |
| ENFERMIDADE VÍRICA HEMORRÁXICA | ☐ FÍGADO ☐ SORO |
| HISTOTECA | ☐ MOSTRA BAZO ☐ TECIDO LINFÁTICO |
| SEROTECA | ☐ SORO SOBRANTE |

-Indicar calquera observación que se considere de interese sanitario en relación co animal mostrexado (aspecto externo, lesións, coloracións anormais, hemorraxias, ectoparasitos, etc.)............................................................................................................................................

……………………………………………………………………………………………………………

Outras observacións..........................................................................................................................

……………………………………………………………………………………………………………

……………………………………………………………………………………………………………

……………………………………………………………………………………………………………

……………………………………………………………………………………………………………